

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 4, 5-42

Naquel tempo, chegou Xesús a unha cidade da Samaría chamada Sicar, preto do terreo que lle deixara Xacob a seu fillo Xosé. Estaba alí o pozo de Xacob. E Xesús, canso do camiño, sentou onda o pozo. Era preto das doce da mañá. Chegou unha muller da Samaría sacar auga. E Xesús díxolle:

– «Dáme de beber».

(Os seus discípulos foran á vila, mercar comida).

Preguntoulle entón a muller samaritana:

– «¿Como é que ti, sendo xudeu, me pides a min, muller samaritana, que che dea de beber?

(Porque os xudeus non se levan cos samaritanos)».

Respondeulle Xesús:

– «Se coñeceses o don de Deus e quen che di "dáme de beber", ti mesma lle pedirías a el e el daríache auga viva».

Replicoulle a muller:

– «Señor, se ti nin sequera tes caldeiro e o pozo é fondo, ¿de onde pensas quitar esa auga viva? ¿Seica es ti máis có noso pai Xacob, quen nos deu este pozo, do que beberon el, seus fillos e mais o seu gando?»

Xesús contestoulle:

– «Todo o que bebe desta auga terá sede outra vez; pero o que beba da auga que eu lle darei, nunca mais terá sede: a auga que eu lle darei, converterase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna».

A muller suplicou:

– «Señor, dáme, logo, desa auga para non ter sede nin ter que vir aquí por ela».

Díxolle Xesús:

- «Vai chamar polo teu marido e volve aquí».

A muller contestou:

- «Non teño marido».

Xesús díxolle:

- «Falaches ben, dicindo "non teño marido"; tiveches cinco homes e o que tes agora non é teu marido. Desta si que falaches a verdade».

A muller respondeu:

- «Señor, vexo que ti es profeta. Os nosos pais adoraron neste monte e vós dicides que é en Xerusalén onde hai que adorar a Deus».

Xesús díxolle:

- «Faime caso, muller: chega a hora en que nin neste monte nin en Xerusalén adoraredes ó Pai. Vós adorades o que non coñecedes; nós adoramos o que coñecemos, pois a salvación vén dos xudeus. Pero chega a hora -é velaí- en que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai. Deus é espírito e cómpre que os que o adoran, o adoren en espírito e verdade».

Respondeu a muller:

- «Sei que está para vir o Mesías, o chamado Cristo. Cando el veña, hanos anunciar todas as cousas».

Díxolle Xesús:

- «Son eu, o que está falando contigo».

Nisto chegaron os seus discípulos e chamoulles a atención que falase cunha muller. Pero ningún lle preguntou: "¿Que pretendes?" ou "¿De que falas con esa?"

Entón, deixando a muller o seu cántaro, foi á vila e díxolles ós veciños:

- «Vide ver un home que me dixo todo canto eu fixen. ¿Non será el o Mesías?»

Eles saíron da vila e viñeron onda el.

Mentres, os seus discípulos insistíanlle:

- «Rabbí, come».

Mais el díxolles:

- «Eu teño para xantar unha comida que vós non sabedes».

Dicíanse entón os discípulos, uns ós outros:

- «¿Traeríalle alguén de comer?»

Xesús díxolles:

- «A miña comida é facer a vontade daquel que me mandou e levar a remate a súa obra. ¿Non dicides vós que aínda faltan catro meses para que chegue a seitura? Ben, pois mirade o que vos digo: erguede os vosos ollos e veredes que os campos están brancos para a seitura. O que sega recibe a paga e recolle froito para a vida eterna, de xeito que se alegran tanto quen sementa coma quen sega. Pois nisto é verdadeiro o dito de que un é quen sementa e outro quen recolle. Eu mandeivos recoller o que vós non traballastes: outros traballaron e vós recollestes o froito do seu traballo».

Moitos samaritanos daquela vila creron nel, pola palabra da muller, que declaraba: «díxome todo canto eu fixen». Por iso os samaritanos chegados onda el, rogábanlle que quedase con eles; e quedou alí dous días. E creron aínda moitos máis polo que el lles dixo. Dicíanlle despois á muller:

- «Xa non cremos polo que ti nos dixeches: nós mesmos o escoitamos e sabemos que este é de verdade o Salvador do mundo».